MANUAL SOCIEDADES LABORAIS

MANUAL
DE SOCIEDADES
LABORAIS

Aesgal

AGRUPACIÓN EMPRESARIAL
DE SOCIEDADES LABORAIS
DE GALICIA

Aesgal

En colaboración coa Xunta de Galicia

MANUAL SOCIEDADES LABORAIS

ÍNDICE

01_ O nacemento de AESGAL 03
02_ Orixe das sociedades laborais 07
03_ Réxime xurídico das sociedades laborais 11
04_ Réxime de afiliación da Seguridade Social 17
05_ Réxime fiscal 19
06_ Modalidade de pagamento único da prestación por desemprego 23
07_ Trámites de constitución e posta en marcha dunha sociedade laboral 27
08_ Anexos: 33
_ Lei 4/1997, de 24 de marzo, de sociedades laborais 34
_ Real decreto 2114/1998, de 2 de outubro 50

02

O NACEMENTO DE AESGAL

No 2009, tras varios intentos de consolidar o movemento asociativo das sociedades laborais, nace **AESGAL**, creada a partir da sinerxía entre un grupo de sociedades laborais galegas que entenden que precisan dunha representación institucional estable que as aglutine e que defenda os seus intereses.

Co apoio da **Confederación Empresarial de Sociedades Laborales de España** (**CONFESAL**), durante o ano 2009 danse os primeiros pasos para dotar a **AESGAL** de medios técnicos e para dar a coñecer a agrupación entre as sociedades laborais do territorio.

01

04

O NACEMENTO DE AESGAL

AESGAL é unha organización empresarial multisectorial dentro do eido da economía social que ten como misión a defensa, promoción, consolidación e representación das sociedades laborais. Con este fin presta servizos para dar resposta ás necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, actuando de forma socialmente responsable.

Pretendemos que se nos considere como unha organización de referencia da economía social galega polo noso apoio á consolidación empresarial e á xeración de riqueza.

Entre os obxectivos de AESGAL atópanse fundamentalmente a representación de todas as sociedades laborais do territorio, a súa coordinación para realizaren actividades necesarias con vistas á promoción dos seus traballadores, e o fomento da creación de sociedades laborais en colaboración con todas as entidades públicas e privadas que teñan obxectivos semellantes.

Dentro dos grupos de interese de AESGAL, ademais das sociedades laborais, a Administración e os nosos representantes no resto do Estado, é dicir, CONFESAL, atópase tamén a sociedade en xeral.

Coidamos de vital importancia que a forma xurídica de Sociedade Laboral e as súas características especiais teñan máis repercusión social e que se fomente a constitución deste tipo de empresa, coas

vantaxes que isto supón para as socias e socios traballadores e para o contorno no que se radique a sociedade laboral de nova creación.

Dende o nacemento da figura da Sociedade Laboral, os socios e socias traballadores foron conscientes da conveniencia de se asociaren a prol dunha mellor coordinación na defensa dos seus intereses e das súas prácticas como empresas, xa que compartían unha serie de problemáticas comúns. Deste xeito, xorden as primeiras organizacións autonómicas en Cataluña, Navarra, o País Vasco e Asturias. No ano 1987 fúndase CONFESAL, integrada por todas as asociacións territoriais que teñen como afiliados a sociedades laborais anónimas ou limitadas. Actualmente, CONFESAL está integrada polas seguintes agrupacións:

ACEL
Agrupación de Empresas Laborales de Cantabria.

AELIB
Associació D'Empreses Laborals de les Illes Balears.

AEMTA
Organización de Sociedades Laborales de Castilla León.

AESGAL
Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia.

AEXEL
Agrupación Extremeña de Empresas Laborales.

AMUSAL
Asociación de Empresas de Economía Social de la Región de Murcia.

ASALMA
Agrupación de Sociedades Laborales de Madrid.

ASATA
Agrupación de Sociedades Asturianas de Trabajo Asociado.

ASES
Asociación Aragonesa de Sociedades Laborales.

ASESCAN
Asociación de Empresas de Economía Social de Canarias.

ASLE
Agrupación de Sociedades Laborales de Euskadi.

AREL
Agrupación Riojana de Empresas Laborales.

FEANSAL
Federación Empresarial Andaluza de Sociedades Laborales.

FECMES
Federación Empresarial de Economía Social de Castilla–La Mancha.

FESALC
Federació de Societats Laborals de Catalunya.

FEVES
Federación de Empresas Valencianas de Economía Social.

A Sociedade Laboral é unha forma xurídica que se inclúe dentro da familia da economía social, que ten como unha das súas características fundamentais a primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital. Así, os seus socios son asemade traballadores, co que isto implica na xestión democrática da empresa. As empresas de economía social, e as sociedades laborais entre elas, están chamadas a ser un colectivo fundamental no futuro económico español a medio prazo. Xa se observa a tendencia de moitas grandes organizacións empresariais a aplicar características propias da economía social, como a responsabilidade social empresarial ou a participación dos traballadores nas empresas, dentro das súas estratexias para o aumento da competitividade. Ademais, a economía social ten que ser fomentada polos poderes públicos, como recolle a Constitución Española no seu artigo 129.2. Así mesmo, nas directivas da Unión Europea avógase por que se impulse a creación de empresas destas características por parte dos países membros.

A Sociedade Laboral está a demostrar que é unha opción empresarial de grande utilidade para aqueles profesionais e traballadores asalariados que pensan en se independizaren ou en crearen o seu propio emprego, asumindo o risco de crear a súa propia empresa; empresas onde as accións —lonxe de teren unha función simplemente económica e especulativa— desempeñan un papel de participación, polo que constitúen unha figura societaria moderna e eficaz para combinar as esixencias de contribuír á creación de riqueza na nosa comunidade, coas aspiracións de emprego estable e a solidariedade entre estes colectivos, que coa súa iniciativa están a dar exemplo de entusiasmo e de éxito no prestixio dun modelo de empresa solidaria.

AESGAL edita este manual para colaborar neste empeño, co desexo de que sexa de utilidade para técnicos, emprendedores e para a sociedade en xeral, dende o convencemento da gran cantidade de elementos positivos que este tipo de empresas lle achegan á economía.

02

ORIXE DAS SOCIEDADES LABORAIS

02

08

ORIXE DAS SOCIEDADES LABORAIS

A orixe das sociedades laborais coincide coa crise económica sufrida en España a partir dos anos 70, motivada en parte pola crise do petróleo de 1973 e agudizada pola inestabilidade política durante o proceso de transición democrática.

A crise empresarial e a consecuente destrución de emprego, sobre todo na industria, obrigou aos gobernos a aprobaren unha serie de axudas que se canalizaron inicialmente a través do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, organismo do Ministerio de Traballo nado ao abeiro da Lei 45/1960, do 21 de xullo, polo que se crearon os fondos nacionais para a aplicación social do imposto e o aforro.

Os traballadores reaccionaron ante o peche das empresas —co apoio dos movementos sindicais e incentivados con axudas públicas— mediante a adquisición dos seus activos e o inicio dos procesos necesarios de modernización.

Xa que logo, o nacemento das primeiras sociedades anónimas laborais é alleo aos principios autoxestionarios ou participativos que actualmente presiden esta realidade xurídica; pola contra, xorden debido á necesidade de solucionar con urxencia a perda de postos de traballo xerada pola crise industrial.

A primeira regulación desta figura xurídica prodúcese coa Lei 15/1986, do 25 de abril, de sociedades anónimas laborais, vinculada ás situacións de crise

económica e reconversión industrial, e supuxo un paso importante cara á consecución de novos métodos de creación de emprego e ao fomento da participación dos traballadores na empresa.

A **Sociedade Anónima Laboral**, como se denominou nun primeiro momento, é unha forma xurídica de creación xenuinamente española, aínda que posteriormente se regularon formas sociais análogas noutros estados latinoamericanos.

Tras once anos de vixencia da lei de 1986, promulgouse a vixente Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, que actualiza o réxime xurídico desta forma societaria e introduce como novidade a figura da **Sociedade Limitada Laboral**, que pola súa regulación flexible e o reducido custo da súa estrutura resultou ser a forma xurídica máis axeitada para as pequenas e medianas empresas e, daquela, a máis elixida. No momento da promulgación da lei vixente, o número de sociedades laborais dadas de alta na Seguridade Social era de 5.613, das que 5.149 eran sociedades anónimas laborais, e só 464 sociedades limitadas laborais, é dicir, estas últimas representaban apenas o 8 % do total. Trece anos máis tarde, no 2010, das 15.303 sociedades laborais existentes, 13.402 optaron pola forma de sociedade limitada laboral; é dicir, case un 90 %.

En Galicia, ata o ano 87, as sociedades anónimas laborais galegas eran un total de 49, que daban traballo, como socios e socias, a 448 persoas.

Ata 1998, ano seguinte á entrada en vigor da Lei 4/1997 de Sociedades Laborais, esta cifra elevábase a 374 empresas baixo a forma xurídica de sociedade laboral, que hoxe, segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, son 1.888, sociedades laborais, limitadas e anónimas, con 9.137 socios e socias traballadores.

Nos últimos estudios realizados en Galicia, ponse de manifesto o elevado crecemento dos sectores de servizos e construción, aínda que se mantén o carácter industrial co que naceu esta forma xurídica.

03

RÉXIME XURÍDICO DAS SOCIEDADES LABORAIS

03

12

RÉXIME XURÍDICO DAS SOCIEDADES LABORAIS

A Lei 4/1997, de 24 de marzo, de sociedades laborais constitúe a norma básica en materia de sociedades laborais.

A lei consta de 21 artigos, catro disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións finais. Está estruturada en dous capítulos. O primeiro deles está composto polos 18 primeiros artigos da lei e, co título de «Réxime Societario», regula, entre outras, as seguintes materias: o concepto legal de sociedade laboral, a competencia administrativa, a denominación social, o rexistro administrativo de sociedades laborais, o capital e os socios, as clases de accións e participacións, o dereito de adquisición preferente, o valor razoable das accións, a extinción da relación laboral, a transmisión das accións ou participacións e a perda da cualificación de sociedade laboral. O segundo capitulo, titulado «Réxime Tributario», consta só de tres artigos e nel regúlanse os beneficios fiscais e o encadramento dos traballadores socios no sistema da Seguridade Social.

Dende a súa entrada en vigor, a lei foi modificada en catro ocasións: por Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, pola que se modifica o artigo 21, relativo ao encadramento da Seguridade Social; por Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, que modifica o artigo 8, referente ao valor das accións ou participacións; por

Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que modifica o artigo 1.2, relativo ao límite de horas traballadas polos traballadores non socios, excluíndo do cómputo os traballadores con discapacidade psíquica en grao igual ou superior ao 33 % con contrato indefinido; e, finalmente, a disposición adicional cuarta da lei foi modificada por Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades.

01_ CONCEPTO E TRAZOS DEFINITORIOS

Son sociedades laborais aquelas sociedades nas que, adoptando a forma xurídica de sociedade anónima ou de responsabilidade limitada, a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan nelas servizos retribuídos, de forma persoal e directa, cunha relación laboral por tempo indefinido e que cumpran os demais requisitos esixidos na lei.

Partindo desta definición que recolle o artigo 1 da Lei de sociedades laborais, e doutros preceptos da lei, os **trazos definitorios** das sociedades laborais son os seguintes:

a_ Capital social

_ A maioría do capital social debe ser **propiedade dos traballadores** que presten na sociedade servizos retribuídos, de forma persoal e directa, e cunha relación laboral por tempo indefinido (artigo 1 da Lei 4/1997).

_ Ningún dos socios poderá posuír accións ou participacións sociais que representen máis da **terceira parte do capital social**, agás que se trate de sociedades laborais participadas polo Estado, polas comunidades autónomas, por entidades locais ou por sociedades públicas participadas por calquera das devanditas institucións, caso no que a participación das tales entidades poderá superar ese límite, sen alcanzar o 50 %, porcentaxe que tamén poderán alcanzar as entidades sen ánimo de lucro (artigo 5.3 da Lei 4/1997).

_ O capital social está dividido en dous **tipos de accións ou participacións**:

_ *De clase laboral: reservadas aos traballadores que presten na empresa servizos retribuídos de forma persoal e directa, cunha relación por tempo indefinido.*

_ *De clase xeral: reservada para aqueles que non reúnan as características anteriores.*

_ O **capital social mínimo** para constituír unha sociedade laboral é:

_ *Sociedade anónima laboral: 60.101,21 euros.*

_ *Sociedade limitada laboral: 3.005,06 euros.*

b_ Limitación á contratación de traballadores non socios

_ Nas empresas de menos de 25 traballadores, o número de horas traballadas ao ano polos empregados contratados por tempo indefinido que non sexan socios non poderá ser superior ao 25 % do total de horas traballadas ao ano polos socios traballadores.

_ Nas empresas de 25 ou máis traballadores, o número de horas traballadas ao ano polos empregados contratados por tempo indefinido que non sexan socios non poderá ser superior ao 15 % do total de horas traballadas ao ano por socios traballadores.

Para calcular estas porcentaxes non se tomarán en conta os traballadores con contrato de duración determinada nin os traballadores con discapacidade psíquica en grao igual ou superior ao 33 % con contrato indefinido.

De se superaren os límites anteriores, a sociedade deberá alcanzalos no prazo máximo de tres anos, reducindo, como mínimo, cada ano unha terceira parte da porcentaxe en que inicialmente se excedese ou superase o máximo legal.

A superación de límites deberá serlle comunicada ao Rexistro de Sociedades Laborais.

c_ Réxime de transmisión de accións ou participacións sociais

Transmisión inter vivos

É libre entre socios traballadores e traballadores indefinidos.

Nos demais casos, o titular de accións ou participacións sociais, pertencentes á clase laboral, que se propoña transmitir a totalidade ou parte das devanditas accións ou participacións a unha persoa que **non ostente a condición de traballador** con contrato por tempo indefinido, deberá ofrecer a adquisición pola orde de preferencia seguinte:

1º_ Traballadores indefinidos non socios.
2º_ Socios traballadores.
3º_ Socios non traballadores e traballadores temporais.
4º_ A propia sociedade.
5º_ Terceiros.

O titular de accións ou participacións, de clase xeral, que se propoña transmitir a totalidade ou parte das accións ou participacións a unha persoa que non **ostente a condición de socio traballador**, deberá ofrecer a adquisición pola orde de preferencia seguinte:

1º_ Socios traballadores.
2º_ Traballadores indefinidos non socios.
3º_ Socios non traballadores e traballadores temporais.

4º_ A propia sociedade.
5º_ Terceiros.

Transmisión mortis causa

A adquisición dalgunha acción ou participación social por sucesión hereditaria confírelle ao adquirente, ben sexa herdeiro ou ben legatario do falecido, a condición de socio.
No entanto, os estatutos sociais, en caso de morte do socio traballador, poderán recoñecer un dereito de adquisición preferente sobre as accións ou participacións de clase laboral seguindo a orde de preferencia prevista anteriormente, agás que o herdeiro ou legatario sexa traballador da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido (artigo 11 da Lei 4/1997).

d_ Fondo de reserva

As sociedades laborais están obrigadas a constituír un Fondo Especial de Reserva, que se dotará co 10 % do beneficio líquido de cada exercicio, que só se poderá destinar á compensación de perdas en caso de non existiren outras reservas dispoñibles suficientes para ese fin (artigo 14 da Lei 4/1997).

e_ Perda da cualificación de «laboral»

Son causas de perda da denominación como Sociedade Laboral as seguintes (artigo 16 da Lei 4/1997):

1º_ Exceder os límites establecidos nos artigos 1 e 5.3 da lei, é dicir, que os socios laborais non posúan máis do 50 % do capital social, e que algún dos socios posúa máis dunha terceira parte do capital social, fóra das excepcións previstas para as entidades públicas ou sen ánimo de lucro. No primeiro caso, a sociedade contará cun prazo de tres anos para se adaptar aos límites, reducindo, como mínimo, cada ano unha terceira parte da porcentaxe en que inicialmente se exceda ou que supere o máximo legal. No segundo caso, é dicir, cando algún dos socios posúa máis dunha terceira parte do capital social, a sociedade dispón do prazo dun ano para acomodar á lei a situación dos seus socios respecto do capital social. A superación dos límites deberáselle comunicar ao Rexistro de Sociedades Laborais.

2º_ A falta de dotación, a dotación insuficiente ou a aplicación indebida do fondo de reserva.

f_ Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais

Unha das particularidades da Sociedade Laboral é a necesidade de se inscribir no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.

A sociedade adquire personalidade xurídica dende a súa inscrición no Rexistro Mercantil; aínda así, para poder inscribir a sociedade como laboral, cómpre presentar un certificado que acredite que esta foi

cualificada como laboral polo órgano competente. Deberáselle comunicar ao Rexistro de Sociedades Laborais o traslado do domicilio da sociedade, a transmisión de accións ou participacións sociais que se producisen mediante certificación dos asentos practicados no libro-rexistro de accións nominativas ou libro de socios e, en xeral, todas as modificacións de capital social.

02

RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL

(Artigo 21 da Lei 4/1997)

04 RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL

(Artigo 21 da Lei 4/1997)

Os socios traballadores das sociedades laborais, sexa cal sexa a súa participación no capital social, aínda cando formen parte do órgano de administración social, terán a consideración de traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral ou Especial da Seguridade Social que lles corresponda por razón da súa actividade, e quedarán comprendidos na protección por desemprego e na outorgada polo Fondo de Garantía Salarial cando estas continxencias estivesen previstas no devandito réxime.

O artigo 21.2 da lei establece dúas excepcións á regra anterior, xa que estes socios traballadores se asimilan a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no réxime da Seguridade Social que lles corresponda, con exclusión da protección por desemprego e da outorgada polo Fondo de Garantía Salarial nos seguintes supostos:

a_ Cando, pola súa condición de administradores sociais, realicen funcións de dirección e xerencia da sociedade, sendo retribuídos polo desempeño deste cargo, estean ou non vinculados, simultaneamente, á sociedade mediante relación laboral común ou especial.

b_ Cando, pola súa condición de administradores sociais, realicen funcións de dirección e xerencia da sociedade e, simultaneamente, estean vinculados a ela mediante relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

Malia o anterior, os socios traballadores estarán incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos cando a súa participación no capital social, xunto coa do seu cónxuxe e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao cos que convivan, alcance, polo menos, o 50 %, salvo que acredite que o exercicio do control efectivo da sociedade require o concurso de persoas alleas ás relacións familiares.

En conclusión, todos os socios traballadores (incluídos os administradores) se encadran no Réxime Xeral da Seguridade Social en todos os casos, agás nos casos en que concorran as condicións para encadralos no Réxime Xeral Asimilado (excepcións do 21.2):

_ Cando o cargo de administrador sexa retribuído

_ Cando teñan relación laboral especial de alta dirección.

Agás os que se deben encadrar no réxime de autónomos (RETA), cando se trate dunha empresa familiar (21.3).

06

RÉXIME FISCAL

(Artigo 19 da Lei 4/1997)

Para que as sociedades laborais poidan gozar dos beneficios fiscais previstos na lei é necesario que cumpran os seguintes requisitos:

1º_ Que obteñan a cualificación de «laboral» por parte do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.

2º_ Que destinen ao Fondo de Reserva Especial, no exercicio en que se produza o feito impoñible, o 25 % dos beneficios líquidos.

As sociedades laborais que reúnan tales requisitos gozarán dos seguintes beneficios no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados:

a_ Exención das cotas xeradas polas operacións societarias de constitución e aumento de capital e das que se orixinen pola transformación de sociedades anónimas laborais xa existentes en sociedades laborais de responsabilidade limitada, así como pola adaptación das sociedades anónimas laborais xa existentes aos preceptos da Lei de sociedades laborais.

b_ Bonificación do 99 % das cotas que se xeren por modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, pola adquisición, por calquera medio admitido en dereito, de bens e dereitos provenientes da empresa da que proceda a maioría dos socios traballadores da sociedade laboral.

c_ Bonificación do 99 % da cota que se xere pola modalidade gradual de actos xurídicos documentados, pola escritura notarial que documente a transformación doutra sociedade en sociedade anónima laboral ou sociedade limitada laboral ou entre estas.

d_ Bonificación do 99 % das cotas que se xeren pola modalidade gradual de actos xurídicos documentados, polas escrituras notariais que documenten a constitución de préstamos, incluídos os representados por obrigas ou bonos, sempre que o importe se destine á realización de investimentos en activos fixos necesarios para o desenvolvemento do obxecto social.

No imposto da renda sobre as persoas físicas, segundo o Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do IRPF (artigo 7.n), estarán exentas as prestacións por desemprego percibidas na modalidade de pagamento único, co límite de 12.020,24 euros, sempre que as cantidades percibidas se destinen ás finalidades e nos casos previstos no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño. Este límite non se aplicará no caso de prestacións por desemprego percibidas por traballadores discapacitados que se convertan en traballadores autónomos.

No entanto, a exención estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos no suposto de que o contribuínte

se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado, ou ao mantemento, cando cumpra, durante idéntico prazo, da actividade no caso do traballador autónomo.

No imposto sobre sociedades, os incentivos fiscais recoñecidos ás sociedades laborais establecidos no artigo 11.2.a) do Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, permiten amortizar libremente os elementos do inmobilizado material e inmaterial das sociedades laborais afectos á realización das súas actividades que sexan adquiridos durante os cinco primeiros anos a partir da súa cualificación como sociedade laboral. Para obter a cualificación de Sociedade Laboral teranse que cumprir os requisitos establecidos no artigo 1 e no artigo 14 da Lei 4/1997 de sociedades laborais.

MODALIDADE DE PAGAMENTO UNICO DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO COMO MEDIDA DE FOMENTO DE EMPREGO EN ECONOMIA SOCIAL E EMPREGO AUTONOMO

A modalidade de pagamento único da prestación por desemprego consiste en aboar o valor actual do importe total da prestación por desemprego e constitúe unha fórmula que, no caso das sociedades laborais, facilita que o traballador poida dispoñer do capital necesario para se incorporar como socio traballador á sociedade anónima ou limitada laboral existente ou de nova creación.

A normativa actual nesta materia vén constituída polo Real decreto 1044/85, do 19 de xuño, polo que se regula o aboamento da prestación na súa modalidade de pagamento único; que foi modificado pola disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002 do 12 de decembro, sobre medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e a mellora da ocupabilidade; pola disposición final terceira da Lei 36/2003, do 11 de novembro, sobre medidas de reforma económica; polo Real decreto 1413/2005, do 25 de novembro, e polo Real decreto 1300/2009, do 31 de xullo, de medidas urxentes de emprego destinadas aos traballadores autónomos e ás cooperativas e sociedades laborais.

Son beneficiarios deste dereito os perceptores de prestación contributiva por desemprego que se vaian integrar como socios traballadores nunha sociedade laboral ou como traballadores nunha cooperativa de traballo asociado, ou que vaian constituílas, ou cando estes beneficiarios pretendan constituírse como traballadores autónomos. No caso da integración como socios traballadores nunha sociedade laboral, ou como traballadores nunha cooperativa de traballo asociado, serán beneficiarios aínda que manteñan relación contractual previa con estas sociedades e con independencia da súa duración. Esta última medida estará en vigor ata o 31 de decembro do 2010 e, salvo modificación posterior, a partir desa data rexeranse de novo polo disposto na Lei 45/2002, é dicir, que será necesario que os solicitantes non manteñan un vínculo contractual previo coas sociedades superior aos 24 meses.

A normativa actual establece dúas formas de percibir a prestación por desemprego na modalidade de pagamento único:

1ª_ O aboamento da prestación realízase dunha soa vez polo importe que corresponda ao da adquisición de accións ou participacións do capital social nunha sociedade laboral co fin de adquirir a condición de socio, ou ben polo importe da contribución obrigatoria, ou de ser o caso voluntaria, e cota de ingreso na cooperativa.

Non obstante, o pagamento único non poderá financiar ampliacións de capital, desembolsos futuros ou pagamentos aprazados, de tal xeito que, en caso de que non se capitalice a totalidade da prestación para financiar a contribución necesaria para adquirir a condición de socio, no mesmo acto da solicitude poderá pedirse o aboamento mensual do resto da

prestación pendente para financiar cotas á Seguridade Social, ao que se refire o suposto que vén a seguir.

Aboarase como pagamento único a contía da prestación, calculada en días completos, da que se deducirá o importe relativo aos xuros legais do diñeiro.

2ª_ Poderase tamén aboar mensualmente o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo para subvencionar a cotización do traballador á Seguridade Social.

As dúas posibilidades anteriores tamén son de aplicación para os beneficiarios da prestación por desemprego que pretendan constituírse como traballadores autónomos, aínda que neste caso o aboamento da prestación dunha soa vez terá que ser polo importe correspondente ao investimento necesario para desenvolver a actividade, co límite máximo do 40 % do importe da prestación por desemprego contributivo pendente de percibir. Este límite non lles é aplicable ás persoas con minusvalía igual ou superior ao 33 %.

No entanto, e dende a entrada en vigor do Real decreto 1300/2009, do 31 de xullo, e ata o 31 de decembro do 2010, este límite máximo acadará o 80 % para homes de ata 30 anos e mulleres de ata 35 anos de idade, ambos inclusive, considerando a idade na data de solicitude.

Para poder acceder a esta modalidade de pagamento único da prestación por desemprego é necesario que o desempregado cumpra os seguintes requisitos:

_Ser beneficiario dunha prestación contributiva por desemprego e estar pendente de percibir, polo menos, tres mensualidades.

_Non ter feito uso deste dereito nos catro anos inmediatamente anteriores.

_Acreditar a incorporación como socio traballador ou como traballador a unha cooperativa de traballo asociado ou sociedade laboral de forma estable e a tempo completo ou parcial, de ser o caso.

_Non iniciar a actividade con anterioridade á solicitude da capitalización de prestacións.

_Os traballadores que perciban a súa prestación nesta modalidade de pagamento único, non poderán volver percibir a prestación por desemprego ata que non transcorra un tempo igual ao que capitalizou as prestacións, nin poderán solicitar unha nova capitalización no transcurso de, polo menos, catro anos.

_Destinar a cantidade percibida á contribución social obrigatoria, no caso de cooperativas ou sociedades laborais, ou ao investimento necesario para desenvolver a actividade, no caso de traballadores

autónomos, con ou sen minusvalía. De non ser así, incorrerá no cobramento indebido da prestación e deberá proceder ao seu reintegro.

_Unha vez percibida a capitalización, ten que iniciar, no prazo máximo dun mes, a actividade laboral.

_Acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 % cando vaia realizar unha actividade como traballador autónomo, de ser o caso.

A solicitude débese efectuar na oficina de emprego ou na dirección provincial da entidade xestora correspondente, ben no momento de tramitar a prestación por desemprego que se pretende capitalizar ou ben en calquera momento posterior, sempre que teña pendente de percibir, polo menos, tres mensualidades.

Xunto coa solicitude de pagamento único deberá presentarse a seguinte documentación:

_Solicitude.

_Certificado de ter solicitado o ingreso nunha cooperativa de traballo asociado ou nunha sociedade laboral.

_Proxecto de estatutos, se se trata de sociedades de nova creación.

_O pagamento efectivo estará condicionado á presentación do acordo de admisión como socio, ou á inscrición efectiva da sociedade no rexistro correspondente.

_Memoria explicativa do proxecto de investimento que se vai realizar e da actividade que vai desenvolver, así como toda aquela documentación que acredite a viabilidade do proxecto. Non será preciso presentar a memoria cando se trate de incorporacións a cooperativas xa constituídas.

_Certificación expedida polo IMSERSO ou o órgano competente da comunidade autónoma que acredite a súa minusvalía, no caso de constituírse como traballador autónomo.

TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN

TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN

TRÁMITE	ORGANISMO	MODELO	PRAZO	OBSERVACIÓNS	CUSTO APROXIM.
1/ Solicitude de certificación. Inexistencia de denominación social coincidente.	Rexistro Mercantil Central	Instancia normalizada	5 días correo urxente. 15 días correo normal. Pódese Solicitar tamén por correo electrónico.	Selecciónanse tres denominacións. O solicitante debe ser socio. Reserva da denominación 15 meses.	30 euros
2/ Redacción e aprobación dos estatutos e escritura de constitución	Notaría		Durante a vixencia da certificación anterior	Os estatutos son a norma básica que rexe o funcionamento da sociedade: capital social, órganos, domicilio, obxecto social.	Custo mínimo aprox. 350 euros (depende do capital social)
3/ Liquidación do ITP e AXD	Consellería competente en materia de economía de facenda	Modelo 600	30 días dende o outorgamento de escritura	Acompáñase o modelo 600 á escritura de constitución	A Sociedade Laboral está exenta do imposto
4/ Cualificación como laboral no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais	Rexistro administrativo de sociedades laborais	Instancia	30 días dende a data da escritura de constitución		
5/ Inscrición no Rexistro Mercantil	Rexistro Mercantil	Instancia	30 días dende a data de constitución		250 euros

TRÁMITES ANTE A AXENCIA TRIBUTARIA

TRÁMITE	ORGANISMO	MODELO	PRAZO	OBSERVACIÓNS	CUSTO APROXIM.
1/ Solicitude do CIF	Axencia tributaria	036037	30 días dende a data de constitución		Gratuíto
2/ Declaración de inicio de actividade	Axencia tributaria	036037	Antes do inicio da actividade empresarial		Gratuíto
3/ Declaración de alta no Imposto de Actividades Económicas	Axencia tributaria ou SUMA	845	Dentro dos 10 días hábiles anteriores ao comezo da actividade	Imposto municipal	Depende do sector de actividade, domicilio social, metros do local e quilovatios contratados.

TRÁMITES ANTE A SEGURIDADE SOCIAL

TRÁMITE	ORGANISMO	MODELO	PRAZO	OBSERVACIÓNS	CUSTO APROXIM.
1/ Inscrición da empresa na S.S.	Tesourería	TA 6 ou TA 7	Simultaneamente á alta de, polo menos, un traballador.	Só se se van contratar traballadores	Gratuíto
2/ Alta na S.S.	Tesourería rexional da S.S.	TA 2	Antes do inicio da prestación de servizos		
3/ Formalización dos contratos de traballo	INEM	Contrato de traballo (4 copias) e copia básica (2 copias)	Ata 10 días despois da data do contrato		
4/ Declaración de apertura de centro de traballo	Consellería competente en materia de traballo e S.S.	Comunicación de apertura	Con anterioridade ao comezo da actividade		
5/ Legalización de libros: de matrícula, de visitas, de actas e calendario laboral.	Consellería competente en materia de traballo e S.S.		30 días seguintes ao comezo da actividade	Un comunicado por cada centro de traballo O libro de matrícula só é necesario se se contrataron traballadores	

TRÁMITES ANTE O CONCELLO

TRÁMITE	ORGANISMO	MODELO	PRAZO	OBSERVACIÓNS	CUSTO APROXIM.
Solicitude de licenza de apertura	Concello	Instancia normalizada	Con anterioridade ao comezo da actividade		Depende do concello .

TRÁMITES DE LIBROS SOCIAIS E CONTABLES

TRÁMITE	ORGANISMO	MODELO	PRAZO	OBSERVACIÓNS	CUSTO APROXIM.
1/ Legalización de libros socios e actas	Rexistro Mercantil	Instancia normalizada	Con anterioridade ao comezo da actividade		18 euros
2/ Legalización de libro Diario e Balances	Rexistro Mercantil	Instancia normalizada	30 días seguintes ao comezo da actividade	Cando se leve a contabilidade de forma mecanizada, unha vez confeccionados, legalizaranse no prazo dos 4 meses posteriores ao peche do exercicio.	18 euros .

ANEXO

_A LEI 4/1997, DE 24 DE MARZO, DE SOCIEDADES LABORAIS.

_B REAL DECRETO 2114/1998, DO 2 OUTUBRO, SOBRE REXISTRO ADMINISTRATIVO DE SOCIEDADES LABOR

08

_A

ANEXO

LEI 4/1997, DE 24 DE MARZO, DE SOCIEDADES LABORAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finalidade de conseguir novos métodos de creación de emprego, fomentando asemade a participación dos traballadores na empresa, consonte o mandato recollido no artigo 129.2 da Constitución, é unha preocupación constante da sociedade á que non é allea o lexislador. A Lei 15/1986, do 25 de abril, de sociedades anónimas laborais, foi, no eido da empresa, un paso importante neste sentido. No entanto, a profunda reforma levada a cabo pola Lei 19/1989, do 25 de xullo, de adaptación das sociedades de capital ás normas comunitarias, e o cambio de signo que experimentou o marco societario en España nos últimos anos, que levou á aprobación e promulgación da nova Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, esixen unha regulación das sociedades laborais acorde cos anteditos cambios e coas mencionadas normas comunitarias.

É sabido que, dende a citada reforma de 1989, a proporción de sociedades que adoptan a forma de responsabilidade limitada pasou de ser un número exiguo, antes desa data, a incrementarse ata o 92 % de todas as que agora se constitúen. A isto engádeselle que a nova Lei de sociedades de responsabilidade limitada permite unha maior flexibilidade que a sociedade anónima. Un menor importe da cifra de capital, menos gastos de constitución,

un número ilimitado de socios e os trazos personalistas que se conxugan coa súa condición de sociedade de capital, son algunhas das características da sociedade limitada que a fan máis apta como fórmula xurídica de organización económica para os traballadores e como vehículo de participación na empresa. Con todo, o presente texto opta polos dous tipos societarios citados, deixando á vontade das partes a adopción dunha ou doutra forma.

A nova regulación respecta as liñas mestras do concepto de sociedade laboral, entre as que cabe sinalar: que a maioría do capital sexa propiedade do conxunto dos socios traballadores que prestan nela servizos retribuídos en forma persoal e directa, cunha relación laboral por tempo indefinido; fixación dun límite ao conxunto dos traballadores non socios contratados por tempo indefinido; fixación do máximo de capital que pode posuír cada socio; existencia de dous tipos de accións ou participacións, segundo os seus propietarios sexan traballadores ou non; dereito de adquisición preferente en caso de transmisión das accións ou participacións de carácter laboral; constitución dun fondo de reserva especial destinado a compensar perdas. Todas elas constitúen as notas esenciais que, xunto coas bonificacións fiscais, contribúen á promoción e ao desenvolvemento deste tipo de sociedade.

Son consecuencia destas ideas matrices e garantía dos beneficios fiscais que se lles atribúen a estas sociedades: a adición do adxectivo laboral ao nome que ostenten; a adscrición ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais das competencias para cualificar como laboral unha sociedade determinada, e a creación dun rexistro administrativo que sirva de control das súas características, entre elas, principalmente, a proporcionalidade de capital que debe existir entre accións e participacións das dúas clases previstas e os efectos que a súa alteración produce na existencia ou na perda da súa cualificación como laboral. Todo isto sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Para todo o non previsto no texto, seranlles de aplicación ás sociedades laborais, con carácter xeral, as normas correspondentes ás sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que aquelas ostenten, coas seguintes excepcións, indispensables para manter as características propias da sociedade laboral. Unha delas, a diferenza respecto da sociedade anónima e da de responsabilidade limitada relativa ao dereito de adquisición preferente no caso da transmisión das accións ou participacións da clase laboral, que se configura con carácter legal e que pretende, en primeiro lugar, o aumento do número de socios traballadores en beneficio dos traballadores non socios e, en segundo lugar, que non diminúa o número de traballadores socios. Outra excepción, que supón unha diferenza respecto da regulación xeral das sociedades limitadas, é que as participacións dunha sociedade laboral

deben ser dunha igualdade radical, sen que se admita a creación de participacións con diferentes clases de dereitos. Tamén supón unha variación respecto da regulación das sociedades de responsabilidade limitada a previsión de que o órgano de administración se ten que nomear segundo o sistema proporcional, e non de acordo co sistema maioritario que rexe nas citadas sociedades.

Outras notas que cabe sinalar son as seguintes: para obviar a perda da cualificación de laboral -evitando que adquisicións ás veces inevitables, como as adquiridas en virtude de herdanza, ou ás veces moi convenientes, como as que proceden do exercicio do dereito de adquisición preferente, eliminen esa cualificación- elevouse ata a terceira parte o número de accións ou de participacións que pode posuír cada socio, coa excepción prevista para as sociedades participadas por entes públicos. Por último, o valor das accións en caso de adquisición preferente debe ser, se hai discrepancia, o valor real, valor que será fixado polo auditor da sociedade, e se esta non estivese obrigada a nomealo, polo designado para o caso polos administradores, o que supón unha situación máis xusta que a anterior e en total consonancia coa regulación xeral das sociedades de capital para esta materia.

Para rematar, atribúenselle a este tipo de sociedade determinados beneficios fiscais en atención á finalidade social, ademais da económica, que a súa creación e existencia entraña.

CAPÍTULO I.
RÉXIME SOCIETARIO

Artigo 1
Concepto de sociedade laboral.

1. As sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social sexa propiedade de traballadores que presten nelas servizos retribuídos en forma persoal e directa, cunha relación laboral por tempo indefinido, poderán obter a cualificación de sociedade laboral cando concorran os requisitos establecidos na presente lei.

2. O número de horas traballadas ao ano polos traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios non poderá ser superior ao 15 % do total de horas traballadas ao ano polos socios traballadores. Se a sociedade tivese menos de 25 socios traballadores, a referida porcentaxe non poderá ser superior ao 25 % do total de horas traballadas ao ano polos socios traballadores. Para o cálculo destas porcentaxes, non se tomarán en conta os traballadores con contrato de duración determinada nin os traballadores con discapacidade psíquica en grao igual ou superior ao 33 % con contrato indefinido.

Se se superasen os límites previstos no parágrafo anterior, a sociedade, no prazo máximo de tres anos, terá que alcanzalos, reducindo, como mínimo, cada ano unha terceira parte da porcentaxe en que inicialmente se exceda ou que supere o máximo legal. A superación de límites deberáselle comunicar ao Rexistro de Sociedades Laborais para a súa autorización polo órgano do que dependa, segundo as condicións e requisitos que se establecerán no regulamento previsto na disposición final segunda.

Artigo 2
Competencia administrativa.

1. Correspóndelle ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, ás comunidades autónomas que reciban os correspondentes traspasos de funcións e servizos, o outorgamento da cualificación de sociedade laboral, así como o control do cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e, de ser o caso, a facultade de resolver sobre a descualificación.

2. A cualificación outorgarase tras solicitude da sociedade, que se acompañará da documentación que se determine regulamentariamente. En todo caso, as sociedades de nova constitución achegarán copia autorizada da correspondente escritura, segundo a forma que ostente, na que conste expresamente a vontade dos outorgantes de fundaren unha Sociedade Laboral. Se a sociedade xa existe, achegarán copia da escritura de constitución e, de ser o caso, das relativas a modificacións de estatutos,

debidamente inscritas no Rexistro Mercantil, así como certificación literal deste rexistro sobre os asentos vixentes relativos a ela, e certificación do acordo da Xunta Xeral favorable á cualificación de Sociedade Laboral.

Artigo 3
Denominación social.

1. Na denominación da sociedade deberán figurar a indicación Sociedade Anónima Laboral ou Sociedade de Responsabilidade Limitada Laboral, ou as súas abreviaturas S.A.L. ou S.L.L., segundo proceda.

2. O adxectivo laboral non poderá ser incluído na denominación por parte de sociedades que non obteñan a cualificación de Sociedade Laboral.

3. A denominación de laboral farase constar en toda a súa documentación, na correspondencia, nas notas de pedido e nas facturas, así como en todos os anuncios que teña que publicar por disposición legal ou estatutaria.

Artigo 4
Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais e coordinación co Rexistro Mercantil.

1. Para os efectos administrativos, créase no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais un Rexistro de Sociedades Laborais no que se farán constar os actos que se determinen nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento; todo isto sen prexuízo das competencias de execución que asuman as comunidades autónomas.

2. A sociedade gozará de personalidade xurídica dende a súa inscrición no Rexistro Mercantil, aínda que, para a inscrición no devandito rexistro dunha sociedade coa cualificación de laboral, deberase achegar o certificado que acredite que esa sociedade foi cualificada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente como tal, e que foi inscrita no rexistro administrativo ao que se refire o parágrafo anterior.

A constancia no Rexistro Mercantil do carácter laboral dunha sociedade farase mediante nota marxinal na folla aberta á sociedade, na forma e prazos que se establezan regulamentariamente, con notificación ao Rexistro administrativo.

3. O Rexistro Mercantil non practicará ningunha inscrición de modificación de estatutos dunha sociedade laboral, que afecte á composición do capital social ou ao cambio de domicilio fóra do termo municipal, sen que esta achegue o certificado do Rexistro de Sociedades Laborais do que resulte ou ben a resolución favorable de que esa modificación non afecta á cualificación da sociedade de que se

trate como laboral ou ben a anotación no rexistro do cambio de domicilio.

4. A obtención da cualificación como laboral por parte dunha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada non se considerará transformación social nin estará sometida ás normas aplicables á transformación de sociedades.

5. A sociedade laboral deberalle comunicar, periodicamente, ao Rexistro administrativo as transmisións de accións ou participacións mediante certificación do libro-rexistro de accións nominativas ou do libro de socios.

Artigo 5
Capital social e socios.

1. O capital social estará dividido en accións nominativas ou en participacións sociais. No caso de sociedade anónima laboral, o desembolso dos dividendos pasivos deberá efectuarse dentro do prazo que sinalen os estatutos sociais.

2. Non será válida a creación de accións de clase laboral privadas do dereito de voto.

3. Ningún dos socios poderá posuír accións ou participacións sociais que representen máis da terceira parte do capital social, agás que se trate de sociedades laborais participadas polo Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais ou as sociedades públicas participadas por calquera de tales institucións; nese caso, a participación das entidades públicas poderá superar ese límite, sen alcanzar o 50 % do capital social.

Igual porcentaxe poderán ostentar as asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.
Nos supostos de transgresión dos límites que se indican, a sociedade estará obrigada a acomodar á lei a situación dos seus socios respecto do capital social no prazo dun ano a partir do primeiro incumprimento de calquera dos límites.

Artigo 6
Clases de accións e de participacións.

1. As accións e participacións das sociedades laborais divídense en dúas clases: as que sexan propiedade dos traballadores cunha relación laboral por tempo indefinido e as restantes. A primeira clase denomínase clase laboral e a segunda clase xeral.

2. No caso de sociedade anónima laboral, as accións estarán representadas necesariamente por medio de títulos, individuais ou múltiples, numerados correlativamente, nos que, ademais das mencións esixidas con carácter xeral, se indicará a clase á que pertenzan.

3. Os traballadores, socios ou non, con contrato por

tempo indefinido, que adquiran por calquera título accións ou participacións sociais pertencentes á clase xeral, teñen dereito a esixirlle á sociedade que as inclúa na clase laboral, sempre que se acrediten as condicións que esixe a lei para tal efecto.

Os administradores, sen necesidade de acordo da Xunta Xeral, procederán a formalizar ese cambio de clase e a modificar o artigo ou artigos dos estatutos afectados, outorgando a pertinente escritura pública, que se inscribirá no rexistro Mercantil.

Artigo 7

Dereito de adquisición preferente en caso de transmisión voluntaria inter vivos.

1. O titular de accións ou de participacións sociais pertencentes á clase laboral que se propoña transmitir a totalidade ou parte das devanditas accións ou participacións a unha persoa que non ostente a condición de traballador da sociedade con contrato por tempo indefinido, deberá comunicarllo por escrito ao órgano de administración da sociedade, de tal xeito que garanta a súa recepción, facendo constar o número e as características das accións ou participacións que pretende transmitir, a identidade do adquirente e o prezo e demais condicións da transmisión. O órgano de administración da sociedade ha notificárllelo aos traballadores non socios con contrato indefinido dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de recepción da comunicación. A comunicación do socio terá o carácter de oferta irrevogable.

2. Os traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios poderán adquirilas dentro do mes seguinte á notificación.

3. En caso de falta de exercicio do dereito de adquisición preferente ao que se refire o apartado anterior, o órgano de administración da sociedade halles notificar a proposta de transmisión aos traballadores socios, que poderán optar á compra dentro do mes seguinte á recepción da notificación.

4. En caso de falta de exercicio do dereito de adquisición preferente por parte dos traballadores socios, o órgano de administración da sociedade notificaralles a proposta de transmisión aos titulares de accións ou participacións da clase xeral e, no seu caso, ao resto dos traballadores sen contrato de traballo por tempo indefinido, que poderán optar á compra, por esa orde, dentro de períodos sucesivos de quince días a contar dende a recepción das notificacións.

5. Cando sexan varias as persoas que exerciten o dereito de adquisición preferente ao que se refiren os parágrafos anteriores, as accións ou participacións sociais hanse distribuír entre todos eles por igual.

6. No caso de que ningún socio ou traballador exercite o dereito de adquisición preferente, as

accións ou participacións poderán ser adquiridas pola sociedade, dentro do mes seguinte, a contar a partir do día en que rematase o prazo ao que se refire o apartado cuarto, cos límites e requisitos establecidos nos artigos 75 e seguintes da Lei de sociedades anónimas.

7. En todo caso, transcorridos seis meses a partir da comunicación do propósito de transmisión por parte do socio sen que ninguén exercite os seus dereitos de adquisición preferente, este quedará libre para transmitir as accións ou participacións da súa titularidade. Se o socio non procede á antedita transmisión no prazo de catro meses, deberá iniciar de novo os trámites regulados na presente lei.

8. O titular de accións ou de participacións sociais pertencentes á clase xeral que se propoña transmitir a totalidade ou parte das devanditas accións ou participacións a unha persoa que non ostente na sociedade a condición de socio traballador, estará sometido ao disposto nos apartados anteriores do presente artigo, salvo que a notificación do órgano de administración comezará polos socios traballadores.

Artigo 8
Valor razoable.

O prezo das accións ou participacións, a forma de pagamento e demais condicións da operación serán as convidas e comunicadas ao órgano de administración polo socio transmisor.

Se a transmisión acordada fose a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuíto, o prezo de adquisición será o fixado de común acordo polas partes, ou se non o valor razoable destas o día en que se lle comunicase ao órgano de administración da sociedade o propósito de transmitir. Entenderase por valor razoable o que determine un auditor de contas, distinto ao auditor da sociedade, designado polos administradores para ese fin.

Os gastos de auditor serán da conta da sociedade. O valor razoable que se fixe será válido para todos os alleamentos que teñan lugar dentro de cada exercicio anual. Se nos alleamentos seguintes durante o mesmo exercicio anual o transmisor ou o adquirente non aceptasen tal valor razoable, hase poder practicar unha nova valoración á conta deles.

Artigo 9
Nulidade de cláusulas estatutarias.

1. Só serán válidas as cláusulas que prohiban a transmisión voluntaria das accións ou participacións sociais por actos inter vivos se os estatutos lle recoñecen ao socio o dereito a se separar da sociedade en calquera momento. A incorporación destas cláusulas aos estatutos sociais esixirá o consentimento de todos os socios.

2. Malia o establecido no apartado anterior, os estatutos poderán impedir a transmisión voluntaria das accións ou participacións por actos inter vivos ou o exercicio do dereito de separación durante un período de tempo non superior a cinco anos a partir da constitución da sociedade ou, no caso das accións ou participacións procedentes dunha ampliación de capital, a partir do outorgamento da escritura pública da súa execución.

Artigo 10
Extinción da relación laboral.

1. En caso de extinción da relación laboral do socio traballador, este terá que ofrecer a adquisición das súas accións ou participacións, conforme ao disposto no artigo 7, e se ninguén exercita o seu dereito de adquisición conservará a calidade de socio de clase xeral, conforme ao artigo 6.

Se hai quen desexe adquirir tales accións ou participacións sociais, se o socio que, extinguida a súa relación laboral e requirido notarialmente con ese fin, non procede a formalizar a venda no prazo dun mes, esta poderá ser outorgada polo órgano de administración e polo valor real, calculado na forma prevista no artigo 8, que se consignará a disposición daquel, ben xudicialmente ou ben na Caixa Xeral de Depósitos ou no Banco de España.

2. Os estatutos sociais poderán establecer normas especiais para os casos de xubilación e incapacidade permanente do socio traballador, así como para os supostos de socios traballadores en excedencia.

Artigo 11
Transmisión mortis causa de accións ou participacións.

1. A adquisición dalgunha acción ou participación social por sucesión hereditaria confírelle ao adquirente, ben sexa herdeiro ou legatario do falecido, a condición de socio.

2. Malia o disposto no apartado anterior, en caso de morte do socio traballador, os estatutos sociais poderán recoñecer un dereito de adquisición preferente sobre as accións ou participacións de clase laboral polo procedemento previsto no artigo 7, que se exercitará polo valor real que esas accións ou participacións tivesen o día do falecemento do socio e que se pagará ao contado. Este dereito de adquisición tense que exercitar no prazo máximo de catro meses, a contar dende o momento en que se lle comunica á sociedade a adquisición hereditaria.

3. Non se poderá exercitar o dereito estatutario de adquisición preferente se o herdeiro ou legatario fose traballador da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido.

Artigo 12
Órgano de administración.

Se a sociedade estivese administrada por un Consello de Administración, o nomeamento dos membros do devandito consello hase efectuar, necesariamente, polo sistema proporcional regulado no artigo 137 da Lei de sociedades anónimas e nas disposicións que o desenvolven.

Se non existisen máis que accións ou participacións de clase laboral, os membros do Consello de Administración poderán ser designados polo sistema de maiorías.

Artigo 13
Impugnación de acordos sociais.

1. Poderán ser impugnados os acordos das xuntas de socios que sexan contrarios á lei, que se opoñan aos estatutos ou que lesionen, en beneficio dun ou de varios socios ou de terceiros, os intereses da sociedade.

2. Se o acordo impugnado afectase á composición do capital ou ao cambio de domicilio fóra do termo municipal, o xuíz que coñeza do procedemento poñerá en coñecemento do Rexistro de Sociedades Laborais a existencia da demanda e as causas de impugnación, así como a sentenza que estime ou que desestime a demanda.

Artigo 14
Reserva especial.

1. Ademais das reservas legais ou estatutarias que procedan, as sociedades laborais están obrigadas a constituír un fondo especial de reserva, que se dotará co 10 % do beneficio líquido de cada exercicio.

2. O fondo especial de reserva só se poderá destinar á compensación de perdas no caso de que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para este fin.

Artigo 15
Dereito de subscrición preferente.

1. En toda ampliación de capital con emisión de novas accións ou con creación de novas participacións sociais, deberá respectarse a proporción existente entre as pertencentes ás distintas clases con que conta a sociedade.

2. Os titulares de accións ou de participacións pertencentes a cada unha das clases teñen dereitos de preferencia para subscribir ou asumir as novas accións ou participacións sociais pertencentes á clase da que se trate.

3. Salvo acordo da Xunta Xeral que adopte o aumento do capital social, as accións ou participacións non subscritas ou asumidas polos socios da clase que corresponda hánselles ofrecer aos traballadores,

sexan ou non socios, na forma prevista no artigo 7.

4. A exclusión do dereito de subscrición preferente rexerase pola lei correspondente, segundo o tipo social, pero cando a exclusión afecte ás accións ou participacións da clase laboral, a prima será fixada libremente pola Xunta Xeral, sempre que esta aprobe un plan de adquisición de accións ou participacións polos traballadores da sociedade, que as novas accións ou participacións se destinen ao cumprimento do plan e que impoña a prohibición de alleamento nun prazo de cinco anos.

Artigo 16
Perda da cualificación.

1. Serán causas legais de perda da cualificación como sociedade laboral as seguintes:
   - 01_ *Que se excedan os límites establecidos nos artigos 1 e 5, apartado 3.*
   - 02_ *A falta de dotación, a dotación insuficiente ou a aplicación indebida do Fondo Especial de Reserva.*

2. Verificada a existencia de causa legal de perda da cualificación, e cumpridos, chegado o caso, os prazos previstos nesta lei para que desapareza, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou o órgano correspondente da comunidade autónoma competente requirirá á sociedade para que elimine a causa nun prazo non superior a seis meses.

3. Unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o apartado anterior, se a sociedade non eliminase a causa legal de perda da cualificación, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou o órgano correspondente da comunidade autónoma competente ditará resolución acordando a descualificación da sociedade como sociedade laboral e ordenando a súa baixa no Rexistro de Sociedades Laborais. Logo de efectuar o asento correspondente, remitiráselle certificación da resolución e da baixa ao Rexistro Mercantil correspondente para a práctica de nota marxinal na folla aberta á sociedade.

4. A descualificación antes de cinco anos dende a constitución ou transformación da sociedade laboral supoñerá a perda dos beneficios tributarios. O procedemento correspondente axustarase ao que se dispoña na normativa á que se fai referencia na disposición final segunda desta lei.

Artigo 17
Disolución da sociedade.

1. As sociedades laborais disolveranse polas causas establecidas nas normas correspondentes ás sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que ostenten.

2. Os estatutos sociais poderán establecer como causa de disolución a perda da condición de sociedade laboral por parte da sociedade.

CAPÍTULO II.
RÉXIME TRIBUTARIO.

Artigo 19
Beneficios fiscais.

As sociedades laborais que reúnan os requisitos establecidos no artigo 20 gozarán dos seguintes beneficios no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados:

A. Exención das cotas xeradas polas operacións societarias de constitución e aumento de capital, e das que se orixinen pola transformación de sociedades anónimas laborais xa existentes en sociedades laborais de responsabilidade limitada, así como pola adaptación das sociedades anónimas laborais xa existentes aos preceptos desta lei.

B. Bonificación do 99 % das cotas xeradas por modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, pola adquisición, por calquera medio admitido en dereito, de bens e dereitos provenientes da empresa da que proceda a maioría dos socios traballadores da sociedade laboral.

C. Bonificación do 99 % da cota que se xere pola modalidade gradual de actos xurídicos documentados, pola escritura notarial que documente a

transformación doutra sociedade en sociedade anónima laboral ou sociedade limitada laboral ou entre estas.

D. Bonificación do 99 % das cotas xeradas pola modalidade gradual de actos xurídicos documentados, polas escrituras notariais que documenten a constitución de préstamos, incluídos os representados por obrigas ou bonos, sempre que o importe se destine á realización de investimentos en activos fixos necesarios para o desenvolvemento do obxecto social.

Artigo 20
Requisitos.

Para se poderen acoller aos beneficios tributarios, as sociedades laborais terán que reunir os seguintes requisitos:

A. Ter a cualificación de sociedade laboral.

B. Destinar o 25 % dos beneficios líquidos ao Fondo Especial de Reserva no exercicio en que se produza o feito impoñible.

Artigo 21
Encadramento no sistema da Seguridade Social.

1. Os socios traballadores das sociedades laborais, sexa cal sexa a súa participación no capital social dentro do límite establecido no artigo 5 da presente lei, e mesmo cando formen parte do órgano de administración social, terán a consideración de traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no réxime xeral ou especial da Seguridade Social que lles corresponda por razón da súa actividade, e quedarán comprendidos na protección por desemprego e na outorgada polo Fondo de Garantía Salarial, cando estas continxencias estivesen previstas no devandito réxime.

2. Estes socios traballadores asimílanse a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no réxime da Seguridade Social que lles corresponda, con exclusión da protección por desemprego e da outorgada polo Fondo de Garantía Salarial nos seguintes supostos:

a. Cando, pola súa condición de administradores sociais, realicen funcións de dirección e xerencia da sociedade e sexan retribuídos polo desempeño deste cargo, estean ou non vinculados, simultaneamente, a esta mediante relación laboral común ou especial.

b. Cando, pola súa condición de administradores sociais, realicen funcións de dirección e xerencia da sociedade e, simultaneamente, estean vinculados a ela mediante relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

3. Malia o disposto nos apartados anteriores, os socios traballadores estarán incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos cando a súa participación no capital social, xunto coa do cónxuxe e a dos parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao, cos que convivan, alcance, polo menos, o 50 %, salvo que acredite que o exercicio do control efectivo da sociedade require o concurso de persoas alleas ás relacións familiares.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.
As comunidades autónomas con competencia transferida para a xestión do Rexistro Administrativo de Sociedades Anónimas Laborais continuarán a exercela respecto do Rexistro de Sociedades Laborais ao que se refire o artigo 4 desta lei.

O disposto no capítulo II da presente lei enténdese sen prexuízo dos réximes tributarios forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.
Para os efectos de ostentar a representación ante as administracións públicas e en defensa dos seus intereses, así como para organizar servizos de asesoramento, formación, asistencia xurídica ou técnica e cantos foren convenientes para os intereses dos seus socios, as sociedades laborais, ben sexan anónimas ou de responsabilidade limitada, poderanse organizar en asociacións ou agrupacións específicas, de conformidade coa Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.
Para os efectos da lexislación de arrendamentos, non existe transmisión cando unha sociedade anónima ou limitada alcance a cualificación de laboral ou sexa descualificada como tal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.
As referencias contidas no texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado por Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, así como nas diferentes normativas sobre fomento das sociedades anónimas laborais, entenderanse feitas, no sucesivo, ás sociedades laborais.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.
Os expedientes relativos ás sociedades anónimas laborais que estean en vías de tramitación no momento en que entre en vigor esta lei resolveranse polas normas vixentes na data da súa iniciación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.
O contido da escritura pública e dos estatutos das sociedades anónimas laborais cualificadas e inscritas ao abeiro da normativa que agora se derroga non poderá ser aplicado en oposición ao disposto nesta lei. Neste sentido, non será necesaria a súa adaptación formal ás previsións desta lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA.
As sociedades anónimas laborais que teñan concedido actualmente o beneficio de liberdade de amortización ao que se refire o punto 2 do artigo 20 da Lei 15/1986, do 25 de abril, seguirán a gozar do devandito beneficio ata a finalización do prazo e nos termos autorizados.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.
No momento en que entre en vigor a presente lei quedará derrogada a Lei 15/1986, do 25 de abril, de sociedades anónimas laborais, así como o Real decreto 2696/1986 e, no que non se opoña á presente lei e en tanto se cumpra a previsión recollida na disposición final segunda, as disposicións do Real decreto 2229/1986.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.
No que non estea previsto nesta lei, hanlles ser de aplicación ás sociedades laborais as normas correspondentes ás sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que ostenten.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.
O Goberno, a proposta dos ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, e unha vez oídas as comunidades autónomas, procederá a aprobar, nun prazo non superior a tres meses a partir da publicación desta lei, o funcionamento, a competencia e a coordinación do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA.
O Goberno, a proposta, e no ámbito das súas respectivas competencias, dos ministros de Xustiza, de Economía e Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais, poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA.
A presente lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

08

_B

ANEXO

REAL DECRETO 2114/1998, DO 2 OUTUBRO, SOBRE REXISTRO ADMINISTRATIVO DE SOCIEDADES LABORAIS.

O artigo 2 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, dispón que lle corresponde ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, cando corresponda, ás comunidades autónomas que recibisen os correspondentes traspasos de funcións e servizos, o outorgamento da cualificación de sociedade laboral, así como o control do cumprimento dos requisitos establecidos na citada lei; e no artigo 4 créase con fins administrativos no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais un Rexistro de Sociedades Laborais no que se deben facer constar os actos que se determinan na devandita lei e nas súas normas de desenvolvemento; todo isto sen prexuízo das competencias de execución que asuman as comunidades autónomas.

Cómpre sinalar a este respecto que, na actualidade, todas as comunidades autónomas, agás o principado de Asturias e as cidades de Ceuta e Melilla, teñen transferidas as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais, competencia que deben seguir a exercer respecto do Rexistro de Sociedades Laborais que se crea coas funcións, competencias e normas de coordinación que se conteñen na presente disposición.

Por outra banda, tendo en conta que, de acordo coa Lei 4/1997, as sociedades laborais gozan de personalidade xurídica dende o momento da súa inscrición no Rexistro Mercantil, faise necesario establecer o

funcionamento coordinado de ambos os dous rexistros.

Na súa virtude, en cumprimento da disposición final segunda da Lei 4/1997, do 24 de marzo e, a proposta dos ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, unha vez oídas as comunidades autónomas, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e previa deliberación co Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 1998, dispoño:

Artigo 1
Competencia.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Fomento da Economía Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, cando corresponda, ao órgano competente das comunidades autónomas que recibisen os correspondentes traspasos de funcións e servizos, o outorgamento da cualificación de sociedade laboral, o control do cumprimento por parte destas dos requisitos establecidos na Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, así como resolver sobre a súa descualificación e, en xeral, as demais competencias atribuídas pola mesma lei ao citado Ministerio ou á comunidade autónoma correspondente.

2. Baixo a dependencia da mesma Dirección Xeral ou do órgano competente da comunidade autónoma, funcionará o Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais creado polo artigo 4 da referida Lei 4/1997, do 24 de marzo, no que se farán constar os actos que se determinan nela, no presente Real decreto e nas demais normas de desenvolvemento, sen prexuízo das competencias que as comunidades autónomas teñan asumidas.

3. Ao Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais correspóndenlle:

a. As funcións de cualificación e rexistro administrativo de sociedades laborais domiciliadas en comunidades autónomas que non teñan transferida a competencia nesa materia e nas cidades de Ceuta e Melilla.
b. A ordenación e coordinación dos datos que reciba dos rexistros administrativos das comunidades autónomas sobre inscricións practicadas, así como as modificacións de estatutos, a adaptación ou transformación, a disolución, a liquidación e a descualificación cando se solicite.

Artigo 2
Cualificación.

1. Para obter a cualificación de sociedade laboral e a consecuente inscrición no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, a sociedade de nova constitución deberá presentar coa solicitude unha copia

autorizada e unha copia simple da escritura de constitución, na que conste expresamente a vontade dos outorgantes de fundar unha sociedade laboral. Se se solicitase a cualificación dunha sociedade preexistente, a solicitude deberase acompañar dunha copia autorizada da escritura de constitución e, se é o caso, das de modificación dos estatutos previos ao acordo de solicitude de cualificación como sociedade laboral debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, xunto cunha copia simple da mesma, así como certificación literal do devandito rexistro dos asentos vixentes da sociedade e as certificacións, expedidas polas persoas lexitimadas para iso, do acordo da Xunta Xeral favorable á cualificación de Sociedade Laboral e da titularidade do capital social resultante do libro-rexistro de accións nominativas ou de socios correspondente.

2. No caso do parágrafo segundo do apartado anterior, non se poderá outorgar a cualificación de sociedade laboral en tanto non se achegue unha copia autorizada e unha copia simple da escritura pola que se eleve a público o acordo da Xunta Xeral e as modificacións dos estatutos que fosen precisas para se adaptar ás esixencias da Lei de sociedades laborais.

3. Unha vez realizada a inscrición, a Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou o órgano competente da comunidade autónoma ha notificarlle á sociedade a resolución pola que é cualificada como sociedade laboral, devolverlle a copia autorizada da escritura e remitirlle un certificado da antedita cualificación e inscrición no correspondente Rexistro administrativo.

Artigo 3
Traslado de domicilio.

Cando unha sociedade laboral traslade o seu domicilio ao ámbito territorial de competencia doutro Rexistro administrativo, presentará ante o novo rexistro que resulte competente os documentos aos que se refire o apartado 2 do artigo 5. O rexistro de destino ha solicitarlle ao de orixe a remisión de certificación literal de todos os asentos rexistrais da sociedade, que deberá ser remitida nun prazo de vinte días, acompañada dunha copia autenticada dos documentos aos que aqueles se refiran e practicar a anotación preventiva correspondente.

O rexistro de destino inscribirá os antecedentes rexistrais que constituíran o primeiro asento e halle comunicar de oficio ao rexistro de orixe a tal inscrición, indicando o tombo e o folio en que consta, co fin de que se peche a folla correspondente e se estenda, a continuación da última inscrición, un asento de referencia. Unha vez practicada a inscrición, hase inscribir o traslado de domicilio.

Se o rexistro de orixe estivese a tramitar un expediente de descualificación da sociedade que traslade

o seu domicilio, ha notificarlle ao rexistro de destino a resolución que se dite ao respecto unha vez que adquira firmeza.

Artigo 4
Inscrición no Rexistro Mercantil.

1. Para a inscrición no Rexistro Mercantil da constitución dunha sociedade laboral deberá achegarse o certificado que acredite que foi cualificada como tal pola Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou polo órgano competente da comunidade autónoma da que se trate, e que foi inscrita no correspondente Rexistro administrativo. Tales cualificación e inscrición faranse constar no corpo do asento da súa primeira inscrición.

2. A constancia no Rexistro Mercantil da cualificación como laboral dunha sociedade previamente inscrita farase por medio dunha nota marxinal na folla aberta para aquela. A nota practicarase en virtude da mesma certificación á que se refire o apartado anterior e terá que ser simultánea á inscrición das modificacións dos estatutos sociais que sexan precisas para adecualos ás esixencias da Lei de sociedades laborais.

3. A perda do carácter de laboral dunha sociedade inscrita farase constar no Rexistro Mercantil por medio dunha nota marxinal. Será título bastante para iso a certificación expedida polo Rexistro administrativo correspondente que, no suposto de descualificacións acordadas de oficio, se lle remitirá directamente a aquel.

O prazo para practicar os asentos aos que se refiren os apartados anteriores será o establecido no artigo 39 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado por Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.

Artigo 5
Modificación de capital social e traslado de domicilio fóra do termo municipal.

1. Non se poderá practicar no Rexistro Mercantil ningunha inscrición de modificación dos estatutos dunha sociedade laboral que afecte á composición do capital social ou implique o cambio de domicilio fóra do termo municipal sen que se achegue certificación do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, do que resulte, no primeiro caso, a resolución favorable de que a modificación non afecta á cualificación da sociedade da que se trate como laboral e á súa inscrición, e, no segundo, a inscrición do cambio de domicilio.

2. A tal fin, a sociedade que acorde unha modificación de estatutos que afecte á composición do capital social, deberá solicitarlle ao mesmo organismo que sexa competente para outorgarlle a cualificación que dite resolución pola que se declare que a tal modificación non afecta ao mantemento da súa condición de sociedade laboral, acompañando a

solicitude dunha copia autorizada e dunha copia simple da escritura pola que se elevou a público o acordo correspondente e dun certificado acreditativo da modificación na titularidade das accións ou participacións sociais que se produciron como consecuencia diso. Esas mesmas copias da escritura de elevación a público do acordo correspondente tamén se terán que presentar co fin de lograr a constancia rexistral do cambio de domicilio cando este estea fóra do termo municipal en que constaba ata ese momento.

Unha vez practicadas as inscricións, procederase na forma prevista no apartado 3 do artigo 2.

3. Os rexistradores mercantís remitiranlle ao Rexistro administrativo correspondente certificación literal dos asentos que afecten a unha sociedade laboral e se refiran a algún dos actos mencionados no artigo 7 dentro dos quince días seguintes a que se practicasen. As custas de expedición destas certificacións correrán a cargo da sociedade.

Artigo 6

Obriga de comunicar a superación dos límites sobre horas traballadas ao ano e as transmisións ou participacións sociais.

1. Cando, durante o funcionamento da sociedade laboral, esta exceda os límites aos que fai referencia o artigo 1.2 da Lei 4/1997 en canto ao número de horas traballadas ao ano polos traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios, a sociedade estará obrigada a comunicarllo ao Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais no prazo de tres meses a partir do momento en que se superen eses límites.

A Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou o órgano competente da comunidade autónoma concederá a autorización da devandita superación de límites, tras exame e aprobación dun informe razoado sobre as causas que levaron á empresa á superar eses límites, que irá acompañado do plan de redución de horas que, así mesmo, presentará a empresa.

En todo caso, no prazo máximo de tres anos, a sociedade terá que alcanzar os límites previstos, reducindo, como mínimo, cada ano, unha terceira parte da porcentaxe en que inicialmente se supera o máximo legal.

2. Igualmente, as sociedades laborais deberán comunicarlle ao Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, dentro dos tres primeiros meses do exercicio económico, as transmisións de accións ou participacións sociais que se producisen mediante certificación dos asentos practicados nese período de tempo no libro-rexistro de accións nominativas ou no libro de socios. No entanto, se deses asentos resultase que se transgrediron os límites que esta-

blece o artigo 5.3 da Lei de sociedades laborais, os administradores da sociedade, no prazo dun mes dende que se practicou o asento que o poña de manifesto, deberán comunicarlle ao Rexistro administrativo correspondente tal circunstancia, así como a súa reparación en igual prazo a partir de que se practique o asento polo que se establezan os límites legais.

Artigo 7

Libro de inscrición de sociedades laborais. Actos inscritibles e anotables.

1. O Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais levará un Libro de Inscrición de Sociedades Laborais, cuxo contido será público e que seguirá o sistema de follas cambiables. A extensión dos asentos, a máquina ou por procedementos informáticos, debe facerse de forma sucinta, remitíndose ao arquivo correspondente onde conste o documento obxecto da inscrición.

2. As certificacións do contido do Libro de Inscrición só poderán versar sobre cuestións relacionadas coa cualificación da sociedade como laboral.

3. Na folla aberta para cada sociedade hanse inscribir as resolucións sobre a súa cualificación como laboral; as autorizacións para superar os límites de horas traballadas ao ano por aqueles traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios; as modificacións dos estatutos que afecten á composición do capital social e todas as relativas ao cambio de domicilio; as resolucións xudiciais firmes ditadas en procedementos sobre impugnación de acordos sociais relativos á composición do capital social ou ao traslado do domicilio fóra do termo municipal; as resolucións administrativas firmes polas que se acorde a descualificación da sociedade como sociedade laboral e a súa baixa no Rexistro administrativo, e os demais actos que se determinen nas normas de desenvolvemento deste Real decreto.

Serán obxecto de anotación preventiva a incoación de expedientes de descualificación e a interposición das demandas xudiciais de impugnación de acordos ás que se refire o parágrafo anterior.

A inscrición ou anotación dos actos mencionados será practicada en virtude de escritura pública, resolución xudicial ou resolución da autoridade administrativa ou, de ser o caso, certificación do rexistrador mercantil.

Artigo 8

Descualificación.

O procedemento para a descualificación da sociedade por concorrer algunha das causas de perda da cualificación de sociedade laboral que se sinalan no artigo 16 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, axustarase á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas seguintes particularidades:

1. A Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou o órgano competente da comunidade autónoma ha requirirlle á sociedade que desapareza a causa nun prazo non superior a seis meses cando:
   a. No prazo de tres anos a sociedade non alcanzase os límites previstos no artigo 1 da lei.
   b. No prazo dun ano non acomodase a situación dos seus socios respecto do capital social aos límites esixidos no artigo 5.3 da lei.
   c. No fixase a dotación ao Fondo Especial de Reserva na porcentaxe esixida polo artigo 14 da citada lei.

2. Unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o apartado anterior, se a sociedade non eliminase a causa legal de perda da cualificación, a Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou o órgano competente da comunidade autónoma ditará resolución, acordando a descualificación da sociedade como Sociedade Laboral e ordenando a súa baixa no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Tras efectuar o correspondente asento, háselle remitir certificación da resolución e da baixa ao Rexistro mercantil correspondente para a práctica de nota marxinal na folla aberta da sociedade.

3. Se se acordase a descualificación a petición da propia sociedade, unha vez ditada a correspondente resolución e estendido o asento de baixa no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, hase expedir certificación para os efectos do artigo 4.3.

4. A resolución que acorde a descualificación da sociedade laboral débeselles comunicar ao Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente en materia tributaria da comunidade autónoma na que a sociedade teña a súa residencia para os efectos que procedan.

Artigo 9
Impugnación de acordos.

1. Os acordos das xuntas de socios que sexan contrarios á lei, que se opoñan aos estatutos ou que lesionen, en beneficio dun ou de varios socios ou de terceiros, os intereses da sociedade, poderán ser impugnados ante o órgano xudicial competente, segundo as normas reguladoras das sociedades anónimas ou das sociedades de responsabilidade limitada sobre impugnación de acordos sociais.

2. Cando o acordo impugnado afecte á composición do capital ou ao cambio de domicilio fóra do termo municipal, e unha vez que o xuíz que coñeza do procedemento lle comunique ao Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais a existencia da demanda e as causas de impugnación, estenderase anotación preventiva por parte do devandito rexistro,

que se cancelará cando a demanda se desestime por sentenza firme, cando o demandante desista da acción ou cando caduque a instancia.

3. Cando se estime por sentenza firme a demanda de impugnación por parte da Dirección Xeral de Fomento da Economía Social ou do órgano competente da comunidade autónoma por se ter apreciado a existencia de causas legais de perda da cualificación, en cumprimento da resolución xudicial, ordenarase a baixa da sociedade no Rexistro administrativo correspondente. Logo de efectuar o correspondente asento, háselle remitir certificación da baixa ao Rexistro Mercantil competente para a práctica de nota marxinal na folla aberta á sociedade.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.
Lexislación supletoria.

Nas materias obxecto do presente Real decreto e non reguladas expresamente por este, haberá que ter en conta o que dispón a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, cando corresponda, na Lei de sociedades anónimas e na Lei de sociedades de responsabilidade limitada.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.
Facultade de aplicación.

Facúltase aos ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do presente real decreto.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA.
Entrada en vigor.

O presente Real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

MANUAL SOCIEDADES LABORAIS

Máis información:

C/ Montero Ríos, 40 / 2º C
15701 Santiago de Compostela
T **981 553 406**
F 981 593 529
aesgal@aesgal.org

www.aesgal.org

Aesgal

En colaboración coa Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia

MANUAL SOCIEDADES LABORAIS

Aesgal

AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SOCIEDADES LABORAIS DE GALICIA

En colaboración coa Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia